

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2023

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e cinco de outubro de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase aprobar a licenza urbanística para a ampliación de planta soto en edificio para hotel de 4 estrelas, na praza Santo Domingo número 1 (exp. 2023/Y001/000231).

Tamén se acorda dengar as licenzas urbanísticas: para a instalación de ascensor nun edificio de vivendas sito na rúa Magnolia, número 16 (exp. 2023/Y001/000058) e para a construción dun almacén, para guarda de aperos agrícolas e almacén de froita, así como servizo para unha plantación de arándanos en a Raña, Santiago de Saa (exp. 2023/Y001/000137).

Así mesmo, acórdase a concesión da licenza urbanística para construción de estación de servizo de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos na avda. Adolfo Suárez (exp. 2022/Y001/000238).

Acórdase a rectificación de erro no acordo número 3/763, adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión do 13 de outubro de 2023, polo que se outorgaba a licenza urbanística para ampliación de nave para corte e enfermería en Belesar, parroquia de San Xoán do Campo (exp. 2023/Y001/000150).

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac6129837493405593421.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-10-2023

2. FACENDA LOCAL.- Acórdase estimar o recurso de reposición, presentado no que solicita a bonificación do 95% da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións, instalacións e obras, referente á licenza urbanística para instalación de ascensor na rúa Garaballa de Arriba, número 14.

Tamén se acorda a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para instalación de ascensor, substitución de cuberta e cambio de uso de rochos a 3 vivendas en baixocuberta na rúa A Garza, número 18.

Así mesmo, acórdase a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para unha construción auxiliar vinculada a vivenda no núcleo rural 52.4 Teigueselle-Burneiros, parroquia de Santa Comba.

Acórdase a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para a demolición e construción de nova vivenda unifamiliar en Areeiras, 71, San Lázaro.

Acórdase tamén a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para instalación de ascensor en edificio de vivendas de dúas plantas sótano, planta baixa, tres plantas altas e baixocuberta sito na rúa Montero Ríos, número 14.

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na contratación da subministración de tarxetas cidadas (exp. 2023/C004/000026).

ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL

4. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase aprobar as seguintes subvencións nominativas: Afalu (G27285980) para o proxecto actividades de estimulación cognitiva para doentes de alzheimer e outras demencias (orzamento ano 2023); Secretariado Gitano (G83117374) para o proxecto "Programa operativo de inclusión social e economía social acceder" (orzamento ano 2023); Solidaridade Galega co Pobo Saharai (G15924558) para o proxecto "vacacions en paz" (orzamento ano 2023); Asociación Parkinson Lugo (G27382027) para o proxecto "Programa de actividades para enfermos de parkinson" (orzamento ano 2023); Raiolas (G27255991) para o proxecto "escola de familias" (orzamento ano 2023);

Asociación Síndrome de Down Lugo (G27202043) para o proxecto "Programa de autonomía persoal e social" (orzamento ano 2023); Auxilia (G08317059) para o proxecto "por aquí movémonos tod@s: a eliminación de barreiras e a promoción da autonomía persoal" (orzamento ano 2023); Alume (G27198977) para o proxecto "pluriasistencial de apoio e rehabilitación para enfermos mentais" (orzamento ano 2023); Aspnaís (G27018365) para o proxecto "campamento de verán" (orzamento ano 2023); Cruz Roja Española (Q2866001G) para o desenvolvemento dos programas "piso de acollida e actuacións específicas a persoas sen fogar" (orzamento ano 2023); Fademga (G36620037) para o proxecto "servizo de información de orientación laboral (siol) e o servizo de apoio para o emprego (SAE) en Lugo para persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento" (orzamento ano 2023); Aspace (G27178904) para o proxecto "mantemento do local social e actividades" (orzamento ano 2023); Caritas Diocesana de Lugo (R2701016D) para o proxecto "cobertura de necesidades básicas a persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade social" (orzamento ano 2023); Concepcion Arenal (G27119809) para o proxecto "xornadas penitenciarias lucenses e servizo de información, orientación e atención social" (orzamento ano 2023); Asociación Alusor (G27292986) para o proxecto "servizo de interprete de lingua de signos: servizo de mantemento" (orzamento ano 2023); Acadar (G70223417) para o proxecto "emprego e saúde a través do empoderamento" (orzamento ano 2023); Feafes (G15545353) para o proxecto "servizo de emprego e formación para persoas con enfermidade mental" (orzamento ano 2023); Adace (G27337278) para o proxecto rehabilitación e mantemento das instalacións da sede social (orzamento ano 2023) e Agadhemo (G15220577) para o proxecto "escola de formación para persoas con hemofilia e outras coagulopatías conxénitas en Lugo" (orzamento ano 2023).

Fóra da orde do día

- Acórdase a aprobación, execución, compromiso de cofinanciamento 2024, e aprobación das bases de contratación persoal obradoiro de emprego "Arquivalugo"

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e Impulso Rural e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.